

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 07-08

1. Trátase dun libro moi divertido porque narra as aventuras dunha panda de amigos durante un día de feira .Todo comeza cando se encontran co que logo descubren que é un aprendiz de bruxo, que para demostrar os seus dotes fai un conxuro e converte a Caletre en cabuxo. O problema é que logo non é capaz de... Pero por fin aparece o famoso mago Merlin. Polo que respecta ós personaxes paréceme moi curioso Damián porque é o máis pequeno e sempre está a cargar coas culpas e ten que facer os traballos con dificultade, pero el segue sendo amigo de todos e o pasa moi ben. Pero eu identifícome máis con Caletre porque aínda que non é o xefe da banda ten valentía e ofrécese para que o mago ...Este libro é moi fácil de ler porque contén moitos diálogos e explica moi ben a situación na que se encontran. **(Pablo)**

2. A min este libro non me gustou moito, paréceme moi aburrido e demasiado imaxinario. Isto non quere dicir que non lle guste a toda a xente ¡ANIMÁDEVOS! **(Marta)**

3. "Os Mornias" trata dunha panda de amigos que coñecen a un aprendiz de mago. Este, para demostrar os seus poderes, converte a un en cabuxo, pero non sabe como facer para que volva ser neno outra vez e menos mal que ... Este libro gustoume moito, pero o que non me agradou foi que, cando saían dun problema entraban noutro e non chegaban a solucionar nada. O mellor foi o enxeño que tiveron para saber cal cabuxo era Caletre e tamén como sacaron a Caletre da camioneta de Félix o carnicero. Un personaxe a destacar é Carito, o líder da panda, que demostrou que non debería selo porque non se atrevía a dicirlle ó pai de Calatre que o seu fillo era un cabuxo. **(Javier)**

4. O libro trata dun grupo de amigos que un día se atopan cun aprendiz de bruxo. Este converte a Caletre nun cordeiro e o aprendiz marchou sen ser capaz de devolver o cordeiro á súa forma orixinal. Despois duns días os nenos quedan co bruxo, eles falan durante un rato con el ata que chega un amigo do aprendiz, o mago Merlin... A verdade, a min non me gustou moito, a maneira de relatalo era un pouco aburrida, nunca daba chegado o final. **(Marta)**

5. O libro 'Os Mornias' gustoume moito, xa que a historia é moi entretida.O argumento é moi bo e a forma de contalo,con diálogos divertidos e descrições breves, fai máis amena a lectura. Os meus personaxes preferidos foron Carito, o xefe da panda, e Damián, o pequeno, que era moi gracioso. Acónselloo á xente que se anime a lelo, pois merece a pena. **(Lois)**

6. A min gustoume o libro "OS MORNIAS" porque ten bastantes diálogos e narra ben o que pasa en cada momento da historia. Tamén porque as aventuras eran moi divertidas, por exemplo, o personaxe Damián fuxiu dunha Procesión cando o chamaron os seus amigos e entón parou toda a Procesión. E fíxose pasar por un crego cando se agachou nun confesionario. **(David)**

7. O libro "OS MORNIAS" encantoume, pero hai cousas que no me gustaron demasiado. A parte máis divertida foi cando Damián escapa da procesión onde desempeña o papel de mónago. Pareceume un pouco aburrido cando o cabuxo se perdeu nun rabaño. O personaxe máis divertido é Damián, o neno pequeno, porque fai cousas graciosas. Tamén me gustoume o Aprendiz de bruxo, que vivía nun libro. Sorprendeume que, case no final do libro, contaran que Carito ..., eso fixo que el fora o personaxe que menos me gustou. **(Pablo)**

8. O libro gustoume moito, sobre todo cando converten o neno en cabuxo. O personaxe que mais me gustou foi Damián cando fixo de cura no confesionario da igrexa. O libro pareceume moi interesante, teño que recomendarllo a miña avoa porque lle gusta ler en galego libros de aventuras **(David)**

9. ¡Os mornias! A saber que é, é o que pensas cando sen saber nada les o título. Pois é unha historia na que se utilizan moitas palabras curiosas, eu o lin co dicionario ao meu lado pois eu sei moi pouco de galego. O meu personaxe preferido é o aprendiz de mago que é o que máis divertido me pareceu. Ao final non me esperaba que aparecese xa ningunha solución posible, entón aparece Merlin ... Recomendoo a todos os que lles gusten as historias de aventuras, dado que a min gustoume. **(Javier)**

10. Gustoume moito. e sobre todo cando converte un aprendiz de mago a Caletre en cabuxo, e non saben remedialo,

pero aparece MerlínGustoume moito Damián, é como o meu primo pequeno, está ben. Parabéns á escritora Lola González é un bo libro que recomendo. **(Marcos)**

11. Os Mornias son unha panda de rapaces arriscados e destemidos, que nunha das súas andainas tropezan cun aprendiz de bruxo que caeu dun libro, téntano a ver se fai algún truco e ao final acaba convertido a Caletre nun cabuxo; o problema empeza cando non é capaz de devolve-lo ao seu estado. Iso converterá o día nun pesadelo para Carito, Minia, Saleta e Damián os seus compañeiros que farán o imposible por recuperar o seu compañeiro. É un libro moi divertido e moi recomendable. **(Jacobo)**

12. En español un mornia é un zoorrnglón: o que fai pesadamente, de mala maneira e refunfuñón as cousas que lle mandan facer. A min o libro paréceme precioso como unha panda de amigos se axudan mutuamente sexa como sexa e iso é moi bonito; por exemplo, cando Damián deixa a procesión para buscar a Caletre. O que me parece un pouco mal son as ilustracións que son moi malas pero o resto é xenial. Tamén o libro parece un pouco irreal porque como pode saír un aprendiz de mago dun libro. O personaxe que máis me gustou foi Damián porque é un bo amigo e ademais moi gracioso pero os outros tamén me gustaron. A parte do libro qu máis me gustou foi cando Damián empeza a confesar a xente como se foxe el o cura e ... Ben a idea fundamental do libro é que hai que ter amigos pra que te saquen de apuros, o libro estupendo. **(Diego)**